



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Persoal

*Retribucións dos concelleiros e concelleiras*

##### ANUNCIO

Expediente núm. 2023/X998/000091

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria urxente que tivo lugar o 06/11/2024, adoptou, entre outros, o acordo de establecemento de determinadas dedicacións a diversos membros da Corporación Municipal.

A parte dispositiva do citado acordo é do seguinte teor literal:

“1º) Determinar que a **Concellaría Delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá** desenvolverá as súas funcións con **dedicación exclusiva**, percibindo un salario bruto anual de **48.409,31 euros**.

2º) Determinar que a **Concellaría Delegada da Área de Planificación Urbana, Medio Ambiente e Novos Proxectos** desenvolverá as súas funcións en réxime de **dedicación parcial**, percibindo un salario bruto anual de **36.307,72 euros**.

3º) As referencias, que no acordo plenario de retribucións adoptado na sesión do 07/07/2023 se efectúan á extinta Concellaría delegada especial de Obras, Infraestruturas, Medio Ambiente e Medio Rural **deben entenderse efectuadas á nova Concellaría Delegada especial de Obras, Infraestruturas, Servizos e Medio Rural, cuxo titular, que desempeña o cargo con dedicación exclusiva, seguirá percibindo a mesma retribución.**

4º) Establecer que en todo o non regulado neste acordo serán de aplicación as normas establecidas no acordo plenario do 07/07/2023, tendo en conta que as novas retribucións, para facerse efectivas, deberán ser aceptadas expresamente pola concelleira e concelleiros concernidos.

5º) Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios electrónico da Corporación, de conformidade co previsto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. “

As Pontes de García Rodríguez, 20 de novembro de 2024

O alcalde

Valentín González Formoso

2024/8300



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña),

### CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello que tivo lugar o día 07/07/2023, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

### 10º.-APROBAR AS RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓNS DE DIVERSOS CARGOS DA CORPORACIÓN

O presidente deu conta do expediente que se tramitou para aprobar as retribucións e indemnización de diversos cargos da Corporación.

No expediente, con referencia 2023/X998/000091, constan os seguintes antecedentes:

- Providencia da Alcaldía do 06/07/2023 sobre a relación de cargos da corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial. Na providencia reflíctese a existencia de tres dedicacións exclusivas e tres parciais para as áreas do equipo de goberno.

Tamén se fixan as correspondentes retribucións brutas anuais e a conseguinte alta na Seguridade Social.

- O día 06/07/2023, emite informe favorable o secretario accidental
- A Intervención municipal emite informe número 313/2023, do 6 de xullo

A continuación ábrese a quenda de intervencións (...)

O Pleno á vista dos antecedentes do expediente e do disposto nos artigos 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); e 75.1, 2, 3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), con seis votos a favor dos representantes do grupo político do PSdG-PSOE, 2 abstencións dos representantes do grupo político do PP e 3 votos en contra do grupo político do BNG:

- 1º) Determinar os cargos que desenvolverán as súas funcións con dedicación exclusiva ou parcial, segundo o que se detalla de seguido:

Dedicación exclusiva	Salario bruto anual
Concellaría delegada da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos	47.460,11 €
Concellaría delegada da Área de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá	38.271,49 €
Concellaría delegada especial da Área de Obras, Infraestruturas, Medio Ambiente e Medio Rural	36.026,58 €
Dedicación parcial	Salario bruto anual
Concellaría delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación	35.595,80 €
Concellaría delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica	35.595,80 €
Concellaría delegada especial da Área de Cultura,	35.595,80 €



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías	
---	--

No caso das dedicacións exclusivas a xornada será do 100% da xornada; as dedicacións parciais suporán unha xornada mínima do 75%.

As retribucións dividiránse en catorce pagas de devengo mensual, doce ordinarias e dúas extraordinarias; estas últimas devengaránse os días de 1 de xuño e 1 de decembro de cada ano.

Estas retribucións actualizaránse anualmente conforme se estableza para o persoal municipal nas Leis de orzamentos xerais do Estado.

- 2º) Acordar que o réxime das indemnizacións por gastos ocasionados no exercicio do cargo sexa o previsto no Real Decreto de 24 de maio de 2002 regulador das indemnizacións por razón do servizo.
  - 3º) Notificar este acordo aos concelleiros e concelleiras designados mediante Decreto 1529/2023, do 05 de xullo, para ocupar os cargos que se desenvolverán en réxime de dedicación exclusiva e parcial. As persoas designadas para desenvolver o cargo con dedicación exclusiva ou parcial percibirán as retribucións cando acrediten que reúnen as condicións para o desempeño do cargo e acepten expresamente o cargo, de conformidade co disposto no artigo 13.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.
  - 4º) Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social aos concelleiros/as delegados/as unha vez que acepten e asuman os cargos aos que se lle recoñece o réxime de adicación exclusiva ou parcial, asumindo o Concello das Pontes o pago das cotas empresariais que correspondan.
  - 5º) Establecer as seguintes indemnizacións por preparación de asuntos e efectiva asistencia a sesións dos seguintes órganos de goberno colexiados:
    - Sesións do Pleno do concello: 85 €
    - Sesións da Xunta de Goberno Local: 55 €
    - Sesións das Comisións Informativas: 42 €.
- Estas indemnizacións as percibirán os membros do concello que non perciban retribucións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.
- Cando coincida no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia polo que se tomará en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas.
- 6º) As dedicacións exclusivas, parciais, asistencias a órganos colexiados e indemnizacións faranse efectivas co motivo do pagamento da nómina do persoal municipal nas súas mesmas datas e mediante os mesmos procedementos, unha vez teñan sido aprobadas polo órgano competente.
  - 7º) Publicar este acordo no BOP e no taboleiro de anuncios electrónico da Corporación, de conformidade co previsto no artigo 75.5 da LRBRL.



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

Exrido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), co visto e praxe do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

O concelleiro-delegado (V.e Pr.)

Antonio Alonso Román